



INFORMA

MESA SECTORIAL DE XUSTIZA DE GALICIA DO 2 DE XUÑO DE 2026

ASUNTOS VARIOS!!!

NEGOCIACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS RPT E REFORZO INMEDIATO DAS PLANTILLAS, CREACIÓN DE EQUIPOS ESTRUCTURAIS, MELLORAS TECNOLÓXICAS, FORMACIÓN AXEITADA E TELETRABALLO: respecto destes puntos vitais, **remitímonos ó comunicado da plataforma formada por SPJ-USO, STAJ, UGT, CSIF E CCOO en UNIDADE DE ACCIÓN onde vos informamos dos nulos avances e das accións a seguir ó respecto.**

A Dirección Xeral de Xustiza segue a mirar para outro lado e segue a non querer ver o **CAOS** provocado pola precipitada implantación dos Tribunais de Instancia. **Na Xustiza galega non hai ningún problema, todo funciona perfectamente ó parecer do DXX.... sobran comentarios!!!**

“El dato mata el relato” Tronchoni dixit!!! A malchamada mesa sectorial comezou cunha defensa por parte do DXX da situación da Xustiza, e onde se hai algún problema é provocado nuns casos polo Ministerio de Xustiza, noutros polos Sindicatos, noutros polos traballadores e por quén faga falta, sen en ningún momento facer unha análise seria da situación e en ningún caso admitir erro algún por parte da DXX. **Segundo o DXX “caos no hay, nos está costando digerir la situación”.**

TRASLADO DA EXECUCIÓN DAS AUDIENCIAS PROVINCIALES Ó SCT DAS AUDIENCIAS E DA EXECUCIÓN DE MENORES DO SCEX Ó SCTramitación: Segundo informa a DXX non hai ningunha proposta concreta ó respecto para as organizacións sindicais, simplemente nos dín que hai unha proposta por parte de Xuices e LAX á DXX de que este cambio se materialice, que a están a valorar, e falan incluso da posibilidade de que se fose adiante, se estudie a viabilidade de facelo en Pontevedra e A Coruña únicamente. **Polo de agora non se avanzou no tema, que están estudando nin se nos fixo proposta de modificación concreta algunha.**

CLIMATIZACIÓN DOS EDIFICIOS XUDICIAIS PENDENTES DE CLIMATIZACIÓN: A solicitude de SPJ-USO, infórmasenos de que o vindeiro día 9 terán reunión coa Secretaría Xeral Técnica para estudar a posible climatización dos edificios que non dispoñen da mesma e valorarán cales son prioritarios segundo o seu criterio.

SPJ-USO LOGRA A CLIMATIZACIÓN DO EDIFICIO DE A PARDA VELLO E DA AUDIENCIA DE PONTEVEDRA: A DXX adíantanos que tal como solicitamos en diversas ocasións por escrito nos últimos tempos, **os edificios de A PARDA (edificio vello) e da AUDIENCIA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA serán climatizados DE INMEDIATO trala dita reunión**, arranxándose as ventanas que sexan precisas e colocando os estores necesarios. Estaremos vixiantes sobre o cumprimento destas medidas.

AMPLIACIÓN DO HORARIO DE VERÁN DENDE O 1-6 Ó 30-9 e REDUCCIÓN DO HORARIO DE VERÁN: **SPJ-USO insistiu na súa reivindicación** feita por escrito, escusándose a DXX para non proceder á modificación inmediata da Orde do Horario en que están á espera da adaptación da Orde do Ministerio e que posteriormente se modificará a Orde de Galicia. Para SPJ-USO non é excusa suficiente, ó igual que non o foi para as CCAA que xa procederon á ampliación.

Esperamos que sexa posible a ampliación do horario de verán do 16 ó 30 de setembro.

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 - Belén 622216341

FERROL: Manu 678514555

SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422

LUGO: Rodrigo 605739886

OURENSE: Fran 660450226 – Alberto 657124727

PONTEVEDRA: Nilo 615496257

VIGO: Julio 600292730 - Yoli 655770994 – Sol 687939335

Mail spjuso galicia@gmail.com

Blogue <http://spjuso galicia.com>



INFORMA

NOVA BOLSA DE INTERINOS: Infórmase nos de que foron presentadas **3.800 solicitudes** para a nova bolsa en Galicia. A Subdirectora Xeral informa da **posibilidade de que as listaxes provisionais se publiquen no mes de Agosto**. SPJ-USO esixe que as mesmas se publiquen ben en xullo, ou ben en setembro, pero en ningún caso no mes de AGOSTO. Manterémosvos informados.

ATENEA: Infórmase nos de que están á espera do borrador do 2ª convenio co Ministerio de Xustiza e que **prevén comezar en OUTUBRO** coa formación, que será **ONLINE e tamén PRESENCIAL**; que están traballando coa traducción ó galego, e que **NON SE PODE GARANTIR QUE O 1 DE XANEIRO ESTÉ IMPLANTADO ATENEA**.

TRASLADO DO PERSOAL DO SERVIZO COMÚN DE EXECUCIÓN CIVIL DE PONTEVEDRA: Confírmanos o DXX que se traballa coa idea de que se traslade ó persoal deste servizo á planta 4 do novo edificio xudicial, sen que polo momento se poidan barallar datas concretas por motivos burocráticos.

SINALÉCTICA DOS EDIFICIOS: Infórmase nos de que a sinalética exterior está rematada ó 100 %, estando pendente a interior. Pretenden modernizar a sinalética con pantallas informativas.

CREACIÓN DE PRAZAS XUDICIAIS: Informa o DXX respecto da creación de prazas xudiciais en trámite por todos coñecida, e manifesta que Galicia solicitou mais prazas das que serán concedidas polo Ministerio, e que unha vez se creen estas prazas **“falaremos de cuántas prazas de funcionarios de corpos xerais se poden crear con elas”**.

GAS RADÓN: SPJ-USO esixiu, unha vez mais información sobre as medicións de gas radón, informando a DXX que están feitas as análises, e que non son alarmantes nin preocupantes, pero que os índices son provisionais e que foron pasados á Inspección de Traballo. Que cando teñan o contraste cos parámetros nolos trasladarán. **INFORMAN QUE OS RESULTADOS NON SON PREOCUPANTES NIN POSITIVOS EN NINGÚN SITIO**.

FORMACIÓN: Esiximos un cambio e unha aposta decidida pola formación, e presentamos **QUEIXA** polas denegacións de prolongacións de xornada de formación.

CONCURSO DE TRASLADOS DE CORPOS XERAIS E MÉDICOS FORENSES: O Ministerio de Xustiza non pediu de momento prazas para ningún concurso (nin corpos xerais nin forenses) á DXX, polo que moito nos tememos que **o Concurso de corpos xerais, unha vez mais, se retrasará e non será ata despois do verán**.

CESE DE INTERINOS POR TRANCURSO DE 3 ANOS: A solicitude de SPJ-USO a DXX informa que **o cómputo dos 3 anos para o cese comeza a computar dende a entrada en vigor da nova orde de interinos**.

CESE DE INTERINOS POR CAMBIO DE SITUACIÓN: SPJ-USO esixe que se aclaren os criterios de cese de interinos por este motivo, e solicita transparencia ó respecto.

SPJ-USO: Sindicato maioritario na Xustiza galega!!!

FEITOS, non palabras!!!

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

A CORUÑA: Roberto 617685531 - Belén 622216341

FERROL: Manu 678514555

SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422

LUGO: Rodrigo 605739886

OURENSE: Fran 660450226 – Alberto 657124727

PONTEVEDRA: Nilo 615496257

VIGO: Julio 600292730 - Yoli 655770994 – Sol 687939335

Mail: spjusogalicia@gmail.com

Blogue: <http://spjusogalicia.com>